



# O TEATRO UNE NO FÓRUM A GALICIA E PORTUGAL

PUBLICADA O  
**17 NOVEMBRO, 2023**

Por **editor**

<https://xn--xornaldacorua-tkb.gal/2023/11/17/o-teatro-une-no-forum-a-galicia-e-portugal/>

Este sábado 18 de novembro terá lugar a [VIII Xornada da Sección de Literatura Dramática. VI Festival Pezas dun Teatro do Porvir 2023: Galiza + Portugal. A descentralización das artes escénicas](#), que se vai celebrar no Forum Metropolitano da Coruña. Esta actividade, organizada pola Asociación de Escritores en Lingua Galega AELG, conta coa colaboración do Concello da Coruña, Deputación Provincial da Coruña, CEDRO e Centro Cultural Portugués em Vigo do Instituto Camões. **A entrada é libre e gratuíta.**

Un festival que nace para “dar apoio e fomento de novos proxectos escénicos a través dunha convocatoria e mostra dos mesmos”, ao tempo que se procura “tender pontes, dentro do Eixo Atlántico peninsular, coa veciña Portugal”.

## **VI FESTIVAL PEZAS DUN TEATRO DO PORVIR, GALIZA + PORTUGAL 2023**

Nesta sexta edición, o festival acolle **7 proxectos** (4 galegos e 3 portugueses), que serán amosados e compartidos en público.

Dentro do programa incluimos unha Masterclass sobre un tema relevante, que neste 2023 vai ser “A descentralización na

programación de artes escénicas en Portugal, o caso do Teatro Diogo Bernardes”, impartida por **Luís Miguel Franco da Silva**, director do Teatro Diogo Bernardes de Ponte de Lima (Portugal).

## **PROGRAMA**

### **SÁBADO 18 DE NOVEMBRO**

– **10:00 h.** Apertura da Xornada a cargo de [Cesáreo Sánchez Iglesias](#), presidente da AELG, e representantes das institucións colaboradoras.

#### **VI Festival Pezas dun teatro do porvir, Galiza + Portugal. Procesos abertos de escrita dramática (mañá).**

– **10:30 h.** Primeira proposta escénica. *A voar*, de Andrea Dunia.

– **11:15 h.** Segunda proposta escénica. *Porvir dun centennial*, por Laura López Esteban.

– **12:00 h.** Terceira proposta escénica. *Derma*, de Sonsoles Cordon.

– **12:45 h.** Aula maxistral sobre a descentralización das artes escénicas, a cargo de Luís Miguel Franco da Silva. Director do Teatro Diogo Bernardes de Ponte de Lima (Portugal).

#### **VI Festival Pezas dun teatro do porvir, Galiza + Portugal. Procesos abertos de escrita dramática (tarde).**

– **16:30 h.** Cuarta proposta escénica. *Uma Espécie Em Viagem*, de Renata Flaiban & Grupo de Teatro Comunitário do Campo.

– **17:15 h.** Quinta proposta escénica. *Vida útil da porcelana*, de Samuel Merino e Silvia Penas.

– **18:00 h.** Sexta proposta escénica. *A Busca*, de Fabiano Assis da Silva.

– **18:45 h.** Sétima proposta escénica. *Neste Momento*, de Alexandre Sá.

– **19:30 h.** Deliberación, por parte do Comité de Selección do Festival, formado por [Afonso Becerra de Becerreá](#), Vogal de Literatura Dramática da AELG, Xosé Paulo Rodríguez, Director do Teatro Rosalía Castro da Coruña e Membro da Xunta Directiva de La Red do Estado español, Luís Miguel Franco da Silva, director do Teatro Diogo Bernardes de Ponte de Lima, e Célia Guido Mendes, en representación do CCP en Vigo do Instituto Camões, contando cos votos emitidos polas/os creadoras/es dos proxectos escénicos presentados.